



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dereito mercantil II

Materia	Dereito mercantil II			
Código	O03G081V01702			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Tobio Rivas, Ana María			
Profesorado	de los Ríos Sánchez, Juan Manuel Tobio Rivas, Ana María			
Correo-e	atobio@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo dos contratos mercantís e os títulos valores			

## Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C5	CE5 - Coñecer a regulación dos títulos-valores e dos contratos mercantís
C6	CE6 - Saber interpretar e aplicar as normas relativas aos títulos valores e contratos mercantís
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Como resultado da aprendizaxe, o alumnado adquire as competencias descritas, particularmente as indicadas como específicas da materia.	A2	B1	C5	D3
	A3	B2	C6	D5
	A4	B4		
	A5			

## Contidos

Tema
------

1. O contrato mercantil en xeral.	1.1. As obrigacións mercantís. 1.2. Doutrina e réxime xeral dos contratos mercantís. 1.3. Outras especialidades da contratación mercantil. 1.4. A contratación electrónica. 1.5. Os contratos sometidos a condicións xerais 1.6. A protección dos consumidores e usuarios na contratación mercantil
2. Os contratos de colaboración.	2.1. Tipos de colaboración. 2.2. Colaboradores subordinados ou dependentes. 2.3. Colaboradores autónomos ou independentes. 2.4. O contrato de comisión. 2.5. O contrato de mediación ou corretaxe.
3. Os contratos de distribución.	3.1. Nocións xerais sobre a distribución comercial. 3.2. O contrato de axencia. 3.3. O contrato de concesión mercantil ou distribución comercial 3.4. O contrato de franquicia.
4. A compravenda mercantil e outros contratos afíns.	4.1. Nocións xerais, elementos e contido da compravenda mercantil. 4.2. Compravendas especiais. 4.3. A compravenda internacional de mercadorías. 4.4. Outros contratos afíns.
5. O contrato de transporte terrestre	5.1. Consideracións xerais sobre o contrato de transporte . 5.2. Transporte de mercadorías 5.3. Transporte de persoas.
6. Os contratos de custodia, garantía e financiamento.	6.1. O contrato de depósito mercantil. 6.2. Os contratos mercantís de garantía. 6.3. Os contratos de financiamento. 6.4. O contrato de conta corrente mercantil.
7. Os contratos bancarios.	7.1. Aspectos xerais da contratación bancaria. 7.2. Contratos bancarios de activo ou de financiamento. 7.3. Contratos bancarios de pasivo ou de captación de fondos. 7.4. Outros contratos e servizos bancarios.
8. O contrato de seguro	8.1. Consideracións xerais sobre o contrato de seguro 8.2. Concepto, clases e características do contrato de seguro 8.3. Elementos persoais 8.4. Formación e documentación do contrato 8.5. Obrigacións das partes 8.6. Os seguros contra danos 8.7. Os seguros de persoas
9. Outros contratos mercantís	9.1. Os contratos publicitarios 9.2. Os contratos turísticos 9.3. Outros
10. Os títulos valores	10.1. Concepto e función 10.2. A incorporación dos dereitos aos títulos valores 10.3. A declaración contida no título 10.4. A desmaterialización dos títulos valores 10.5. Clases de títulos valores
11. A letra de cambio	11.1. Consideracións xerais 11.2. Emisión da letra e relacións extracambiarías 11.3. Requisitos materiais das declaracións cambiarías 11.4. Requisitos formais da letra 11.5. A circulación da letra, a aceptación e o aval 11.6. Cumprimento das obrigacións cambiarías 11.7. Cumprimento forzoso: accións e excepcións cambiarías
12. O pagaré e o cheque	12.1. O pagaré 12.2. O cheque

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	27.5	55	82.5
Seminarios	25	40	65
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1.5	0	1.5
Probas de resposta curta	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos da materia obxecto de estudo

Seminarios	Distintas actividades destinadas a traballar sobre un tema específico, que permite profundar ou complementar os contidos da materia. Nelas o alumno -xa sexa de forma individual ou en grupo- fai unha exposición oral e/ou escrita sobre un tema proposto; resolve casos prácticos; elabora informes xurídicos, etc.
------------	---

### Atención personalizada

#### Metodoloxías Descrición

Seminarios	O profesor manterá entrevistas cos alumnos para asesorarlles nas actividades de aprendizaxe que se propoñan. Así se favorecerá a análise de feitos, caso prácticos ou sucesos reais, coa finalidade de coñecerlos, interpretalos, resolvelos, completar coñecementos, e mesmo adestrarse en procedementos alternativos de solución.
------------	---

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Sesión maxistral	Asistencia e participación activa nas clases.  Resultado da aprendizaxe: Como resultado da aprendizaxe, o alumnado adquire as competencias descritas, particularmente as indicadas como específicas da materia.	5	A3 B1 C5 A4 B2 B4
Seminarios	Os alumnos que se sometan a avaliación continua realizarán, ao longo das sesións presenciais, casos prácticos, exercicios, cuestionarios ... que versarán sobre os contidos da materia (contratos mercantís e títulos valores). Realizaranse tamén exposicións e debates. Estas actividades poderán ser, eventualmente, recollidas polo profesor.  Resultado da aprendizaxe: Como resultado da aprendizaxe, o alumnado adquire as competencias descritas, particularmente as indicadas como específicas da materia.	25	A2 B4 C5 D3 A3 C6 D5 A4
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Todos os alumnos, con independencia do sistema polo que se opte (avaliación continua ou non), deberán realizar unha proba obxectiva sobre os contidos da materia. Incluiranse preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa.  Resultado da aprendizaxe: Como resultado da aprendizaxe, o alumnado adquire as competencias descritas, particularmente as indicadas como específicas da materia.	30	A4 B1 C5 D5 A5 B2 C6
Probas de resposta curta	Todos os alumnos, con independencia do sistema polo que se opte (avaliación continua ou non), deberán realizar unha proba obxectiva sobre os contidos da materia. Incluiranse preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de maneira directa e breve en base aos coñecementos que teñen sobre a materia.  Resultado da aprendizaxe: Como resultado da aprendizaxe, o alumnado adquire as competencias descritas, particularmente as indicadas como específicas da materia.	40	A4 B1 C5 D5 A5 B2 C6

### Outros comentarios sobre a Avaliación

**A) Os alumnos que se acollan ao sistema de avaliación continua** deberán asistir regularmente ás clases presenciais (mínimo dun 80%). O sistema de avaliación continua esixirá, en todo caso, cumprir coa referida asistencia mínima e, ademais, requirirá unha participación activa e regular nas actividades/exercicios propostos que, de forma eventual e aleatoria, poderán ser recollidos polo profesor. Esas actividades representarán un 30% da cualificación global. O 70% restante da cualificación virá determinado pola PROBA FINAL, que consistirá nunha única parte teórica coas características descritas. EN TODO CASO, para aprobar a materia será necesario que na proba final se alcance polo menos unha puntuación mínima de 4 sobre 10.

**B) Os alumnos que non se acollan ao sistema de avaliación continua ou non o superaran** (debido á súa non asistencia regular ás clases presenciais na porcentaxe indicada ou a que non realizaron de xeito satisfactorio esas actividades propostas) serán avaliados en base a unha única PROBA FINAL que representará o 100% da cualificación global, e que consistirá nunha parte teórica e unha parte práctica. Cada unha das partes, teórica e práctica, valorarase sobre 10 puntos e para a superación de ambas as partes e, por tanto, da materia, haberá que alcanzar como mínimo un 5 en cada

unha delas. A cualificación final virá determinada por un 70% da cualificación obtida na parte teórica e un 30% da cualificación obtida na parte práctica.

Xa que logo, a PROBA FINAL constará de dous partes:

1. Parte teórica (70% da cualificación total): obligatoria para todos os alumnos, con independencia do sistema de avaliación que se siga.

2. Parte práctica (30% da cualificación total):

a) terán que realizala os alumnos que, habéndose acollido ao sistema de avaliación continua, non a superaron de xeito satisfactorio

b) terán que realizala os alumnos que non se acolleron ao sistema de avaliación continua.

CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA: Seguirase o mesmo sistema de avaliación que en primeira e segunda convocatoria. Con todo na convocatoria de Fin de Carreira só quedarán exentos de realizar a parte práctica os alumnos que superasen satisfactoriamente a avaliación continua no Curso Académico 2016/2017.

\* Non terán que realizar a parte práctica -nin no exame da convocatoria de xaneiro, nin no exame da convocatoria de xullo- os alumnos que superasen satisfactoriamente a avaliación continua. Tampouco terán que realizar a parte práctica na convocatoria de Fin de Carreira os alumnos que superasen satisfactoriamente a avaliación continua no Curso Académico 2016/2017.

\*\* DATAS DAS PROBAS DE AVALIACIÓN: As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2016/2017.

\*\*\* **NOTA:**

- As horas de clases do grupo B poderán utilizarse para continuar ou complementar as clases do grupo A.

- Poderanse remitir as explicacións dalgúns temas ou cuestións do contido do programa da materia a algún material bibliográfico (manual, capítulo de libro, artigo, etc.) ou outro tipo de documentación.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

BROSETA PONT, M. / MARTÍNEZ SANZ, F., **Manual de Derecho Mercantil, II tomos**, última edición,  
JIMÉNEZ SÁNCHEZ, G. J. / DÍAZ MORENO, A. (Coords.), **Derecho Mercantil**, última edición,  
MENÉNDEZ, A. / ROJO, A. (Dir.), **Lecciones de Derecho Mercantil**, última edición,  
SÁNCHEZ CALERO, F. / SÁNCHEZ-CALERO GUILARTE, J., **Instituciones de Derecho Mercantil, II tomos**, última edición,  
URÍA, R. / MENÉNDEZ, A. (Coords.), **Curso de Derecho Mercantil, II tomos**, T. I, 2ª ed., 2006; T. II, 2ª ed., 2007,  
VICENT CHULIÁ, F., **Introducción al Derecho Mercantil**, última edición,  
BERCOVITZ, A. (Dir.), **Contratos mercantiles**, 4ª ed., 2009,  
CUESTA RUTE, J. Mª de la (Dir.), **Contratos mercantiles**, 2ª ed., 2009,  
GARCÍA-PITA LASTRES, J. L., **Derecho de títulos valores**, 2006,  
MARTÍNEZ SANZ, F. (Dir.), **Manual de Derecho del transporte**, 2010,

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Dereito de defensa da competencia/O03G080V01902

Dereito mercantil europeo/O03G080V01903

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Dereito civil I. Obrigas e contratos/O03G081V01301

Dereito mercantil I/O03G081V01502